

USOS DE SE.

I. PRONOME.

1. SE como reflexivo

O pronome reflexivo ten o valor de complemento directo e non son posibles en galego construcións reflexivas nas que a acción se exerza unicamente sobre unha parte do suxeito (por exemplo son incorrectas formas como *laveime as mans, *queimeime un dedo, *fíxenme un traxe na costureira).

Ex: A rapaza peiteáase; vestiuse devagar; o xastre fíxose un traxe para a festa (para el); o rapaz córtase o pelo (a si mesmo); traizoouse a si mesma.

O pronome reflexivo indica que o SUX (axente) e o C.D. son a mesma identidade.

2. SE con valor recíproco

Similar ao reflexivo, agás que neste caso o que se intenta remarcar é que dous suxeitos realizan a acción entre eles ou dun cara outro. Pode ter funcións de C.D. e C.I.

Ex: Pepe e María quérense moito; telefónanse todos os días; escríbense cartas a miúdo; déronse un abrazo; abrazáronse.

3. SE con valor pronominal

Un verbo pronominal é basicamente aquel que esixe sempre a presenza dun pronome reflexivo, de forma que non pode aparecer sen el. O pronome vén a ser un morfema intransitivizador ou un formante léxico. Non ten función sintáctica.

Ex: Prohibido descalzarse na aula; vaise de viaxe; pórtase ben; a xanela abriuse co vento; queixábase de que lle doía o pé.

4. SE en impersonal activa.

Nas oracións impersonais, "se" é o elemento que remarca a impersonalidade. Non ten ningunha outra función, e o seu uso é doadamente distinguible xa que este tipo de oracións adoitan ser unimembres. O verbo vai en terceira persoa de singular.

Por exemplo: Nesta cidade vívese ben; valorouse aos concursantes; fálase de que subirán os impostos.

5. Se en impersonal pasiva ou pasiva reflexa.

Pode confundirse coas anteriores, pero a maior diferenciación é que estas oracións son bimembres e contan con Suxeito e Predicado. O uso de "se" incrementa o significado pasivo do verbo.

Ex: Aprobouse o decreto por maioría; necesítanse empregados; véndese automóbil antigo.

II. CONXUNCIÓN

1. SE con valor de condicional

Inicia unha oración que expresa unha hipótese ou condición necesaria para que algo teña lugar

Ex: Se non teño vacacións no verán, tereinas no Nadal; se coidas o coche, durarache máis.

2. SE Completivo

Ex: Quero saber se remataches.

Pregúntalle se vai ir á voda

3. SE Comparativo

Chegou tan canso como se viñese andando.